

- 1) Nunha persiana a que se denomina *conteras*?
 - a) O par de estruturas pequenas situadas a cada lado do eixe e que teñen como misión principal a de soste o eixe dentro do caixón
 - b) As estruturas alongadas que compoñen a persiana propiamente dita
 - c) A estrutura que permite almacenar a persiana cando se enrole ao accionar o mecanismo de subida

- 2) Como se elimina a dureza ao baixar as persianas e os ocasionais renxidos?
 - a) Aplicando un lubricante nas guías e zonas de rozamento
 - b) Cambiando a cinta
 - c) Limpando as persianas con auga

- 3) Que é o primeiro que se revisa nunha persiana eléctrica cando non funciona?
 - a) Que estea baixada
 - b) Que a cinta non estea rota
 - c) Que a protección eléctrica non estea disparada

- 4) A que denominamos escudo nunha pechadura?
 - a) Á peza que cobre a pechadura, que leva os parafusos que fan que esta quede fixada á porta
 - b) Á placa metálica que se atopa no marco da porta
 - c) Á peza encargada de protexer o cilindro de axentes externos

- 5) A que denominamos pomo nunha pechadura?
 - a) Á placa metálica que se atopa no marco da porta
 - b) Á peza que nos permite accionar a pechadura dende dentro, e que nos permite tirar da porta dende fóra
 - c) Ao encargado de protexer o cilindro

- 6) A que denominamos cilindro nunha pechadura?
 - a) Á peza encargada de activar o mecanismo de apertura ou peche da porta ao introducir a chave
 - b) Á peza encargada de manter pechada a porta cando non a pechamos con chave
 - c) Á peza que cubre a pechadura, que leva os parafusos que fan que a pechadura quede fixada á porta

- 7) A que denominamos pasador de golpe (*resbalón*) dunha pechadura?
 - a) Á peza encargada de activar o mecanismo de apertura e peche da porta ao introducir a chave
 - b) Á peza encargada de manter a porta pechada cando non a pechamos con chave
 - c) Á peza encargada de protexer o cilindro de axentes externos

- 8) Unha instalación eléctrica estará protexida contra sobrecargas ou cortocircuitos con:
 - a) Un interruptor diferencial
 - b) Un interruptor magnetotérmico
 - c) Un relé de tensión

- 9) Si polos contactos dun interruptor diferencial pasa unha intensidade de corrente superior a intensidade nominal indicada para ese interruptor, el interruptor diferencial:
- Dispararase por pasar unha intensidade superior á nominal
 - Dispararase por pasar unha intensidade de sensibilidade superior á indicada
 - Non se dispara por sobreintensidades
- 10) Se temos nunha pantalla un tubo de led conectado directamente á tensión, cada canto tempo temos que cambiar a reactancia e o cebador?
- Cando deixen de funcionar
 - Nunca
 - Anualmente, porque estes tubos teñen unha garantía de 50.000 horas
- 11) A iluminación de emerxencia:
- Funciona cando hai ausencia de tensión
 - Está en funcionamento continuo porque todos os bloques de emerxencia son de luz permanente
 - Funcionan manualmente cando hai ausencia de tensión
- 12) ¿Que tipo de bases de enchufe normalizados existen actualmente no mercado español?
- Bases de enchufe *schuko* e bases con dobre toma de terra
 - Bases de enchufe *schuko* e bases de toma de terra desprazada
 - Bases de alumeado e bases de toma de terra desprazada
- 13) Para acender un punto de luz dende dúas posicións utilizaremos:
- Dous interruptores
 - Un interruptor e un conmutador
 - Dous conmutadores
- 14) Que evita a auga nun sifón?
- O paso de residuos sólidos
 - Os golpes de ariete
 - Os malos cheiros
- 15) O elemento da instalación de fontanaría que ten como función regular e cortar o paso da auga polo interior do tubos será:
- Un sifón
 - Unha billa
 - Unha chave de paso
- 16) A que denominamos colector nas redes de saneamento?
- A tramos curtos que poñen en comunicación os aparatos sanitarios de rede
 - Ao elemento horizontal que recolle os residuos de todas as baixante e os leva ata a rede xeral de saneamento
 - Ao montante vertical das derivacións da rede

- 17) A que se denomina vaso de expansión?
- É un depósito situado na sala de caldeiras para AQS (auga quente sanitaria) para uso humano
 - É un depósito que absorbe os aumentos de presión producidos polas dilatacións da auga o quentala
 - É un depósito situado na sala de caldeiras para recoller partículas sólidas
- 18) Denomínase caldeira de calefacción:
- Ao elemento que emprega a enerxía procedente dun combustible para elevar a temperatura da auga
 - Ao lugar onde se queima o combustible
 - Ao elemento que permite o traslado de auga quente aos radiadores
- 19) A que denominamos válvula de seguridade nun circuíto de calefacción?
- Á válvula que impide a circulación dun fluído nun mesmo sentido
 - Ao dispositivo que se instala no circuíto cando a presión de tarado é superior a un valor determinado e abre automaticamente deixando saír auga ata reducir a presión
 - É un dispositivo que se instala no circuíto de calefacción e pecha o paso dun fluído cando a temperatura deste acada o valor prefixado
- 20) Cal é a diferenza entre climatización e calefacción?
- A climatización precisa de aire acondicionado mentres que a calefacción non
 - Non existen diferenzas, son sinónimos
 - A climatización inclúe un sistema de refrixeración mentres que a calefacción só proporciona calor
- 21) Nun almacén, o sistema de localización é un sistema de identificación da colocación dos materiais axeitado para facilitar o labor de atopalos
- Si
 - Non, é un sistema de colocación
 - Non, é un sistema de indexación
- 22) Nunha entrega de material do almacén, o albará de entrega debe ir debidamente asinado por:
- A persoa que entrega o material
 - A persoa que recibe o material
 - As persoas que entregan e reciben o material
- 23) As follas de saída de mercadorías dun almacén deben conter:
- Data de recepción, cantidade, códigos de materiais e destinos
 - Data de entrega, cantidades, niveis de cantidade e destino
 - Data de entrega, cantidades, códigos de materiais e destino
- 24) Cal é o peso máximo admisible para a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos (SCET) dunha carta urxente nacional ordinaria?
- 1000 g
 - 500 g

- c) 2000 g
- 25) Cal destes produtos postais non é admisible nos albarás da aplicación GANES?
- Paquete azul
 - Paquete estándar
 - Libros
- 26) Para enviar cartas a estas localidades: Albacete (CP 02003); Negreira (CP 15830); e Badalona (CP 08912), en que ámbitos nacionais peninsulares do albará GANES haberá que incluílas?
- A de Negreira no "Destino 2"; e as de Albacete e Badalona no "Destino 1".
 - As de Negreira e Badalona no "Destino 2" e a de Albacete no "Destino 1"
 - Todas no "Destino 1"
- 27) Para a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos (SCET), que medidas deberá ter unha carta de formato rectangular e con dimensións normalizadas?
- As comprendidas entre as mínimas de 14 x 10 cm e as máximas de 23,5 x 12 cm.
Espesor máximo: 3 mm
 - As comprendidas entre as mínimas de 14 x 9 cm e as máximas de 25 x 12 cm. Espesor máximo: 5 mm
 - As comprendidas entre as mínimas de 14 x 9 cm e as máximas de 23,5 x 12 cm.
Espesor máximo: 5 mm
- 28) Cal das seguintes afirmacións é a correcta:
- As cartas certificadas internacionais levarán sempre "Notificación de Recibo"
 - Todas as cartas nacionais con "Notificación de Recibo" deberán ir sempre certificadas
 - As cartas urxentes nacionais certificadas non levan nunca "Notificación de Recibo"
- 29) Que tres tipos de franqueo admite a aplicación GANES?
- Franqueo concertado, pagado e a máquina
 - Franqueo diferido, a máquina e pagado
 - Franqueo a máquina, pagado e automático
- 30) Para a Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos (SCET) cal é o peso real máximo admisible dun "Paq Premium" (ou Paquete Express Nacional, segundo o acordo Xunta de Galicia-SCET)?
- 15 kg
 - 20 kg
 - 30 kg
- 31) Nos foxos de salto de lonxitude a zona de caída deberá:
- Estar cuberta por area grosa e o nivel por baixo da táboa de saída
 - Estar cuberta por area fina húmida a nivel coa táboa de saída
 - Estar cuberta por area seca
- 32) A zona de lanzamento de martelo componse dun círculo de lanzamento inscrito cuxo diámetro interior é de:

- a) 2,553 m (± 5 mm)
 - b) 2,135 m (± 5 mm)
 - c) 2,735 m (± 5 mm)
- 33) Cal é o nome do pavimento deportivo composto por aceite de liño solidificado mesturado con pó de madeira ou cortizo sobre un xeotéxtil?
- a) PVC
 - b) Linóleo
 - c) Caucho
- 34) O proceso polo que se aumenta a densidade dun material, eliminando os poros e cavidades interiores que se poden producir natural ou artificialmente é:
- a) Compacidade
 - b) Compactación
 - c) Condensación
- 35) Na práctica do salto de altura, a distancia entre o pavimento e o obstáculo máis próximo, tanto sobre a zona de salto como sobre as bandas exteriores da mesma, deberá quedar totalmente libre e ter un mínimo de:
- a) 2 m
 - b) 3 m
 - c) 4 m
- 36) A quen lle corresponde elaborar un Plan de Autoprotección na USC?
- a) Ao persoal de conserxería do centro correspondente
 - b) A un técnico competente
 - c) Ao servizo de protección da USC
- 37) Como se denomina a situación declarada co fin de tomar precaucións específicas debido á probable e próxima ocorrencia dun suceso ou accidente?
- a) Alerta
 - b) Alarma
 - c) Efecto dominó
- 38) O plan de actuación en emerxencias é:
- a) Un documento pertencente ao plan de auto protección
 - b) Un documento vinculado ao estado de alarma dun centro
 - c) A normativa de seguridade non recolle este documento
- 39) As BIE (Bocas de Incendio Equipadas) poden estar compostas por:
- a) Manguera plana
 - b) Manguera súper-ríxida
 - c) Manguera flexible
- 40) O empresario será informado das conclusións que se deriven dos recoñecementos de saúde efectuados en relación coa aptitude dun traballador/a para o desenvolvemento dun traballo?
- a) Si, debe ser informado

- b) Non, xa que os datos relativos á vixilancia da saúde non poden ser usados en prexuízo do traballador/a
 - c) Non, xa que os datos relativos á vixilancia da saúde só poden ser comunicados ao traballador/a afectado/a
- 41) A Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais considera un recurso preventivo:
- a) A calquera traballador/a que designe a empresa
 - b) A un/unha traballador/a dos servizos de protección civil asignados á empresa
 - c) A un/unha traballador/a designado pola empresa con formación e capacidade axeitada
- 42) O Servizo de Prevención de Riscos está integrado polas áreas de Vixilancia da Saúde, Protección Radiolóxica, Seguridade, Xestión de Residuos, Hixiene Industrial, Ergonomía e Psicosocioloxía, e o seu obxectivo principal é:
- a) A mellora continua das condicións do traballo do persoal, integrando a prevención no conxunto das actividades docentes, investigadoras e de servizos e afectando a todos os niveis xerárquicos
 - b) A vixilancia e control da saúde dos traballadores, respectando sempre o dereito á intimidade e á dignidade da persoa e á confidencialidade de toda a información relacionada co seu estado de saúde
 - c) Reducir os riscos derivados da actividade profesional na USC
- 43) A través do Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS), a USC, co obxectivo de contribuír á creación dun modelo de desenvolvemento sostible, pon ao dispor da sociedade:
- a) Os seus recursos didácticos e investigadores
 - b) A súa conciencia
 - c) O seu profesorado non permanente
- 44) En cal dos tres eixes que se recollen no Plan de Desenvolvemento Sostible (PDS) da USC se encadraría o obxectivo de sensibilizar á comunidade universitaria implicándoa en proxectos ambientais, tanto internos como externos?
- a) Planificación, xestión e avaliación ambiental
 - b) Divulgación, participación e sensibilización
 - c) Xeración de coñecemento e educación ambiental
- 45) Cantos proxectos se inclúen no eixe "Planificación, xestión e avaliación ambiental" do Plan de Desenvolvemento Sostible?
- a) 1
 - b) 2
 - c) 3
- 46) O Servizo de Prevención de Riscos da USC foi creado por acordo do Consello de Goberno do:
- a) 22 de xaneiro de 2002
 - b) 22 de decembro de 1998
 - c) 28 de xaneiro de 1999
- 47) A venda de bonos ou entradas aos usuarios/as dun centro da USC:

- a) Non é función do/a auxiliar técnico de servizos
 - b) É unha función asignada ao posto de auxiliar técnico de servizos
 - c) Só é función dos/as auxiliares técnicos de servizos destinados nos Museos da USC
- 48) Na atención telefónica é importante:
- a) Deixar ao usuario/a en espera todo o tempo que sexa necesario mentres tramitamos e resolvemos outros asuntos máis urxentes
 - b) Saudar e identificarse dicindo o nome da institución e/ou servizo sen que o usuario teña que preguntar
 - c) Manter conversas paralelas para poder ser máis eficiente e resolutivo/a
- 49) Cal das seguintes tarefas non é función dos/as auxiliares técnicos de servizos?
- a) Realizar as tarefas administrativas do centro
 - b) Atender ás persoas usuarias do centro
 - c) Supervisar o uso dos espazos baixo a dirección da persoa responsable da unidade e/ou do/a coordinador/a de servizos xerais
- 50) Que tipo de público demanda información nos centros da USC?
- a) Só demanda información o alumnado
 - b) Unicamente demanda información o alumnado e o persoal docente e investigador
 - c) O alumnado, o persoal de administración e servizos, empresas, familias e público en xeral
- 51) A calidade dun servizo está conformada principalmente por tres compoñentes:
- a) A información, a eficacia e as actitudes das persoas que desempeñan o seu labor nese servizo
 - b) A información, a facilidade de palabra e a capacidade de improvisación das persoas que atenden ese servizo
 - c) A información, a axilidade mental e a capacidade para simultanear varias tarefas á vez das persoas que desempeñan o seu labor nese servizo
- 52) Parafrasear é unha forma de:
- a) Engadir información á dada polo usuario
 - b) Asegurar a nosa comprensión da mensaxe
 - c) Tomar en conta só a información verbal
- 53) Que perfil non se atopa na páxina principal da web da USC?
- a) Organismos
 - b) Estudantes
 - c) Empresas
- 54) Que apartado non se atopa na páxina principal da web da USC?
- a) Consulta as túas cualificacións
 - b) Axenda
 - c) Investigar na USC
- 55) Das seguintes características, cal non é correcta no proceso da comunicación?

- a) É verbal e non verbal
 - b) É reversible
 - c) É bidireccional
- 56) Cal dos seguintes non é un compoñente ou elemento das habilidades sociais?
- a) Elementos non verbais
 - b) Elementos pluriverbais
 - c) Elementos verbais
- 57) Dos seguintes elementos, cal é unha barreira interna da comunicación?
- a) As interrupcións
 - b) A falta de interese
 - c) O ruído
- 58) Dentro dos compoñentes non verbais das habilidades sociais está a distancia. Cando esta distancia é de 50cm, está ante:
- a) Zona íntima
 - b) Zona persoal
 - c) Zona pública
- 59) O manual de identidade corporativa da USC:
- a) Debe ser respectado exclusivamente polo persoal da USC
 - b) Debe ser respectado exclusivamente polos xestores da imaxe corporativa da USC na súa difusión externa
 - c) Debe ser respectado por toda persoa ou entidade, tamén as alleas á USC
- 60) As entidades con personalidade xurídica diferenciada da USC:
- a) Deben utilizar o logotipo da USC no caso de estar participadas por ela
 - b) Non poden utilizar o logotipo da USC en ningún caso
 - c) Poderán utilizar o logotipo da USC no caso de que se respecte o manual de imaxe corporativa
- 61) Cal das seguintes parellas de centros docentes universitarios contén un centro adscrito á USC?
- a) Escola Universitaria de Enfermaría, Escola Politécnica Superior de Enxeñaría
 - b) EDIUS (Escola de Doutoramento Internacional da USC), Escola Técnica Superior de Enxeñaría
 - c) Facultade de Relacións Laborais, Facultade de Enfermaría
- 62) Cantas facultades hai na Universidade de Santiago de Compostela?
- a) Hai 23 facultades entre o Campus de Santiago e o Campus de Lugo
 - b) Hai 20 facultades e 3 escolas universitarias, unha delas adscrita á USC
 - c) Hai 20 facultades entre o Campus de Santiago e o Campus de Lugo
- 63) Cal dos seguintes centros non pertence á Universidade de Santiago de Compostela?
- a) Escola de Práctica Xurídica
 - b) Facultade de Humanidades

- c) Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
- 64) Cal das seguintes parellas de centros docentes universitarios contén un centro situado no Campus de Lugo?
- a) Facultade de Enfermaría, Facultade de Relacións Laborais
 - b) Facultade de Formación do Profesorado, Facultade de Filoloxía
 - c) Facultade de CC da Educación, Escola Técnica Superior de Enxeñaría
- 65) Na Facultade de Ciencias do Campus Terra impártese:
- a) O grao en Nutrición e Dietética
 - b) O grao en Nutrición e Tecnoloxía Alimentaria
 - c) O grao en Nutrición e Procesado de Alimentos
- 66) Cal das seguintes respostas é incorrecta?
- a) O dobre grao en Química e Bioloxía impártese nas facultades de Química e de Bioloxía
 - b) O dobre grao en Física e Química impártese nas facultades de Física e de Química
 - c) O dobre grao en Enxeñaría Informática e Matemáticas impártese na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría e na Facultade de Matemáticas
- 67) O Diploma Superior en Criminoloxía da USC:
- a) Está vinculado á Facultade de Dereito da USC
 - b) Impártese na Facultade de Ciencias Políticas e Sociais da USC
 - c) Esta titulación extinguiuse no curso 2021/2022
- 68) O máster universitario en Acuicultura:
- a) É un máster interuniversitario impartido polas universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela
 - b) É un máster interuniversitario das universidades da Coruña e Santiago de Compostela
 - c) Non é un máster interuniversitario, é un máster presencial que se imparte na Facultade de Bioloxía da USC
- 69) Cal das seguintes é unha titulación propia da Universidade de Santiago:
- a) Especialista en Dereito Laboral e da Seguridade Social
 - b) O Diploma Superior en Xestión de Empresas Hoteleiras
 - c) O Grao en Xestión Cultural
- 70) Que unidade administrativa se encarga da xestión dos recursos administrativos en materia de xestión académica e de tramitar as queixas e suxestións que presente o estudantado ou as persoas usuarias relativas ao funcionamento dos servizos docentes, administrativos e de apoio da USC?
- a) Sección de Recursos da Asesoría Xurídica
 - b) Oficina de Análise de Reclamacións
 - c) Servizo de Control Interno
- 71) Que unidade realiza estudos, entre outros, de minerais e doutras mostras naturais e de carácter tecnolóxico e industrial a través de técnicas de análise elemental?
- a) A Unidade de Análise Elemental

- b) A Unidade de Arqueometría e de Caracterización de Materiais
 - c) A Unidade de Análise Instrumental
- 72) A Sección de Análise Térmica é unha das catro seccións que conforman a unidade de:
- a) Análise Instrumental
 - b) Soprado de Vidro e Cuarzo
 - c) Espectrometría de Masas
- 73) Que museo expón nas súas instalacións unha selección de pezas cerámicas, de vidro e metálicas que foron atopadas nas escavacións arqueolóxicas do solar onde se atopa, principalmente de época romana, aínda que tamén se acharon restos materiais de época medieval e moderna?
- a) Museo de Historia Natural Luis Iglesias
 - b) Museo Domus de Mitreo
 - c) Museo Etnográfico da USC
- 74) As unidades de dirección e administración do Centro de Linguas Modernas atópanse:
- a) Na Casa dos Catedráticos no Campus de Compostela e no Edificio Intercentros no Campus de Lugo
 - b) Na Facultade de Filoloxía no Campus de Compostela e no Aulario da Facultade de Humanidades do Campus de Lugo
 - c) Na Casa da Balconada no Campus de Compostela e no Edificio Intercentros no Campus de Lugo
- 75) Na opción "compartir contido" de Teams, que é o modo de presentador "Reporteiro"?
- a) A forma en que aparece en modo pequeno, esquina superior, o contido; e en pequeno, á dereita, o presentador
 - b) A forma en que aparece o presentador en paralelo co contido
 - c) A forma en que aparece de fondo o contido e por diante o presentador
- 76) Se non queremos que se vexa o fondo da imaxe que temos na nosa sala antes de unirmos a unha reunión de Teams, poderíamos cambialo?
- a) Non, non é posible
 - b) Si, pero desactivando a cámara e que só se vexa a imaxe do noso perfil (se a temos) ou as iniciais do noso nome
 - c) Si, activando e escollendo algún dos filtros de fondo que ten a aplicación
- 77) Que órgano é o responsable da xestión e seguridade da sede electrónica na USC?
- a) A Secretaría Xeral
 - b) A ATIC
 - c) O Gabinete do Reitor
- 78) Que apartado non recolle a sede electrónica da USC?
- a) Carpeta Virtual
 - b) Servizos Xerais
 - c) Información da Sede

- 79) Onde está dispoñible o taboleiro de anuncios oficial da USC?
- Na sede electrónica da USC
 - Na Reitoría da USC onde se efectuará unha revisión periódica do mesmo pola Secretaría do Reitor
 - Existirá un taboleiro de anuncios oficial en cada organismo vinculado á USC
- 80) Que cor adoita ter habitualmente o conector USB 2.0?
- Todos os conectores USB teñen a mesma cor
 - Azul
 - Negro
- 81) Que é e para que serve un HOTSPOT?
- É un conector físico RJ45 que se usa para redes Ethernet
 - É un punto de acceso a internet que permite a conexión de distintos dispositivos sen fíos
 - É un conector USB sen cables que permite conectar distintos dispositivos sen fíos
- 82) Cal das seguintes afirmacións é a correcta?
- Os portos HDMI permiten a transmisión de audio e vídeo
 - Os portos USB son os estándares absolutos dos portos de entrada e saída que permiten reproducir son e vídeo
 - Os portos DVI son os sucesores do VGA e son os únicos portos que permiten a transmisión de audio e vídeo
- 83) O porto que se usa para conectar altofalantes e micrófonos nas computadoras por antonomasia é:
- O Minijack
 - O porto RS-232 ou DB9
 - O RJ45
- 84) As redes por infravermellos:
- Permiten a comunicación entre dous nodos, usando unha serie de LED's infravermellos
 - Permiten a comunicación entre dous nodos, usando un cable de rede
 - Permiten a comunicación entre dous nodos, usando un cable RCA
- 85) A instalación de equipos de protección contra incendios realizarase por empresas instaladoras debidamente habilitadas:
- En todos os casos
 - En todos os casos, agás no caso de instalacións de extintores portátiles que poden ser instalados polo usuario
 - En todos os casos, agás na instalación dunha manta ignífuga se o establecemento ten menos de 100 m²
- 86) Cada canto tempo debe revisarse a habilitación dunha empresa instaladora de sistemas de protección contra incendios?
- Anualmente
 - Non é preciso revisar as habilitacións unha vez concedidas xa que se efectúan de xeito indefinido

- c) Cada 6 meses
- 87) Nos casos en que a inspección de instalacións de protección activa contra incendios non estea regulada por normativa específica deberá solicitarse cada dez anos unha inspección das instalacións de protección contra incendios:
- a) Non é correcto, a solicitude de inspección debe realizarse cada 5 anos
 - b) É preciso realizar a solicitude de inspección cada 10 anos excepto en aparcadoiros con superficie construída menor de 500 m²
 - c) Non é correcto, a solicitude de inspección debe realizarse cada 3 anos
- 88) O uso de Microsoft Teams non é completamente compatible para chamadas:
- a) Para o explorador Microsoft Edge (baseado en Chromium)
 - b) Para o explorador Internet Explorer 11
 - c) Para a última versión de Google Chrome
- 89) En Microsoft Teams, quen pode iniciar unha gravación?
- a) Só o organizador da reunión
 - b) Só o moderador da reunión
 - c) Ningunha é correcta
- 90) Se usa un equipo Mac, terá que conceder permiso a Microsoft Teams para gravar a pantalla do seu equipo antes de poder compartila:
- a) En todas as ocasións
 - b) A primeira vez que se intente compartir a pantalla
 - c) No caso dun equipo Mac non é necesario conceder un permiso de gravación de pantalla

RESERVA

- 91) A que denominamos golpe de ariete?
- a) A un cambio brusco de presión na instalación de fontanería
 - b) A unha rotura nun cano con saída de auga a gran potencia
 - c) Ao peche gradual dunha billa
- 92) Na atención ao público é moi importante:
- a) Non identificarse para evitar posibles reclamacións
 - b) Transmitir un trato estandarizado, non personalizado
 - c) Facer unha escoita activa
- 93) As necesidades máis habituais do persoal docente e investigador son:
- a) Localizar persoas e solicitar información
 - b) Poden precisar soporte técnico e tecnolóxico
 - c) Mercar tickets e que lles recollan recados
- 94) Cando as características ou situación dun usuario son usadas para crear unha impresión xeral do individuo, estamos ante:
- a) Un estereotipo
 - b) Un efecto halo
 - c) Unha percepción selectiva
- 95) Que portos foron os conectores estándar para conectar ratos e teclado ata a chegada do USB?
- a) Os portos PS/2
 - b) Os VGA
 - c) O Thunderbolt